



ESCOLA INFANTIL

abrente

ASOCIACIÓN INICIATIVA SOCIAL ABRENTE

NORMATIVA DE PERMANECIA

NORMATIVA DE PERMANENCIA

1.- CONDICIÓN DE PERMANENCIA.

Renovación de praza

Os nenos xa escolarizados na escola no presente curso, gozan de preferencia para a adxudicación de praza na presente convocatoria sen necesidade de someterse a ningún proceso de admisión, sempre que renoven a praza durante o procedemento ordinario correspondente e cumpran os requisitos establecidos no punto 1, sen prexuízo do que poida establecer a Consellería correspondente.

Requisitos

a) Os requisitos de idade que deberán cumprir os nenos serán os seguintes:

- O neno/a deberá ter nacido no momento de presentación da solicitude.
- **Idade mínima:** ter feitos os tres meses na data de ingreso.
- **Idade máxima:** non ter cumpridos os tres anos o 31 de decembro do ano de presentación da solicitude.
- As crianzas poderán ser usuarias do servizo ata o momento da incorporación á educación infantil de segundo ciclo.
- Non obstante, **poderá eximirse do límite de idade** aos nenos e nenas con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do ditame conxunto da Dirección e do organismo competente da Administración Autonómica.

b) Respecto daquelas familias que xa escolarizasen un fillo ou filla no mesmo centro, **estar ao día no pagamento** das cotas polos servizos recibidos na data de presentación da solicitude, tanto nos supostos de renovación de praza coma de novo ingreso.

2.- SOLICITUDES DE RENOVACIÓN DE PRAZA

Os pais/nais ou representantes legais de nenos e nenas matriculados con praza na Escola presentarán a solicitude de **renovación de praza** nas oficinas da escola, nas que se facilitará o impreso correspondente e onde se indicará o desexo de manter a quenda actual ou da modificación desta.

O prazo de presentación de solicitudes , será do **15 ao 28 de febreiro**, sen prexuízo de modificación por parte do centro cando as circunstancias o requiran ou por indicacións da Consellería correspondente. A non presentación da documentación en prazo entenderase como renuncia á praza.

No caso de renovación de praza, terase que acreditar, en todo caso, o mantemento ou modificación das condicións económicas, familiares e laborais que determinan os prezos e descontos correspondentes das mensualidades fixadas.

3.- BAIXAS

Será causa de baixa na Escola por algunha das circunstancias seguintes:

- a) Cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
- b) Por solicitude dos pais ou representantes legais.
- c) Por falta de pagamento da taxa establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos correspondente ó curso escolar a que se refira a débeda.
- d) Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados.
- e) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- f) Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- g) Por incumprimento reiterado das normas da Escola.

As baixas serán resoltas pola Xunta Directiva da Escola.

As baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriores cubriranse coas solicitudes que están en listaxe de agarda, por rigorosa orde de puntuación no caso de nenos/as en lista de agarda dende o procedemento ordinario de novo ingreso, e por rigorosa orde de entrada para aqueles nenos/as que soliciten praza, unha vez finalizado dito procedemento.

No caso de falta de asistencia, comunicarase por correo certificado e, se no prazo de 10 días hábiles desde a recepción da comunicación non se ten contestación, procederase á baixa do neno na escola.